        - "Non mereces estar comigo"

2. Realizar un traballo artístico baseado no PPT comezando con frases do tipo
    - O amor é ….
    - O amor faime sentir…..
    - O amor convérteche en …..
    - O amor parécese a ….
    - O amor atópase en …..
    - O amor é coma …….
    - Amor sona a ….
    - Amor se sente como …..
    - O amor sabe a …..

3. Realizar unha receita para conservar o amor sendo cariñoso por exemplo. Esta receita é do libro " Recetas de lluvia y azúcar"

RECETA PARA SER CARIÑOSO

1- Merendar un bocadillo de abrazos, con un poco de queso y un vaso de agua, porque a veces los abrazos son difíciles de tragar.

2- Practicar con un espejo de besos, empieza él y sigues tú.

3- Comprar una cajita de caricias; se vende en farmacias. El tamaño familiar es más económico y a veces regalan una palmada en la espalda.





4. Ser quen de reflexionar sobre o amor e falar das persoas ás que queremos, que facemos para manter o amor, como nos coidamos, como coidamos aos que queremos,... Proponse reflexionar sobre estas preguntas e despois encher unha ficha e facer un mural con ela ou ben entregarlla á persona que queremos.

Quero moito a.....

Porque.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Asinado

Data

BenestarEmocional

BANDEIRAS DO HIMALAIA

Contidos: Empatía, expresión emocional, regulación de emocións, escoita activa, actitude positiva, afrontamento, resiliencia, fluír.

Sesións: **Dúas sesións.** A duración pode variar en función do grupo.

Técnicas: Asemblea, reflexión silenciosa.

Recursos: Anacos de teas, material de escritura e debuxo, corda, máquina fotográfica.

Agrupamentos: Grupo-clase, traballo individual.

Introdución: Fomentar o sentimento de esperanza e crer que podemos enfrontar as adversidades incrementa o sentimento de seguridade e activa estratexias de regulación emocional colectiva.

Desenvolvemento: Comezaremos poñendo en situación o alumnado, ao ler o seguinte texto:

Unha das características do Himalaia, ademais de ser a cordilleira máis alta do planeta, son as súas bandeiras coloridas. Estas bandeiras, de oración e pregaria do budismo, suxéitanse dun cordel a un poste e levan impresas sutras, que son ensinanzas desta relixión. Estes pequenos anacos de tea son portadores dos anhelos e esperanzas de quen os colga, ondean ao poderoso vento das montañas favorecendo os seres que toca e cólmaos de prosperidade e boa fortuna enchendo as súas vidas de felicidade. O tempo e as condicións meteorolóxicas tamén axudan facendo o seu traballo de esfiañar a tea e así, as bandeiras van mudando de cor e aparencia, pero non por iso perden a súa eficacia, senón que nos fan reflexionar sobre o efémero de todo o que nos rodea.

Reflexionaremos, en asemblea, sobre pensamentos negativos, medos... que paga a pena sacar á luz, compartir, airear e expoñelos ao vento como as bandeiras.

É preciso que establezamos un ambiente de respecto e calma onde cadaquén se sinta a gusto ao compartir os seus pensamentos e inquedanzas, medos e dúbidas. Aproveitaremos para fomentar as relacións positivas, aumentar a empatía e a escoita activa.

Preguntas para activar o diálogo:

- Que vos parece se buscamos entre aqueles pensamentos ou situacións difíciles que nos gustaría compartir?
- É posible que alguén máis sentise o mesmo ca min?
- Que foi o máis difícil?

BANDEIRAS DO HIMALAIA

- Que foi o que máis che preocupou?
- Que estratexias atopaches para afrontar os momentos máis difíciles?
- A quen axudaches?
- Quen che axudou?Finalmente, as persoas secretarias comentarán ao resto da clase as ideas que xurdiron no seu equipo, para facer unha reflexión final conxunta.

Remataremos elaborando a nosa propia bandeira do Himalaia con anacos de tea onde escribiremos os nosos desexos, sentimentos, mensaxes... e colgarémolas no exterior do centro educativo para que o vento realice o seu traballo de axitar e de ir esfiañando. Estes anacos podémolos vincular a unha pescuda coas familias, elixindo na casa unha tea que teña un significado neste contexto emocional.

Afondamento: Suxírese como actividade de continuidade ou produto final a seguinte proposta:

- Elaboración dun álbum fotográfico que sirva de rexistro do proceso da actividade.

Adaptación por niveis de competencia

Esta proposta é adecuada a todos os niveis, aínda que sería conveniente adaptar as preguntas á madurez do alumnado. Tamén sería de axuda a visualización do Himalaia e as bandeiras para a súa contextualización.

Escenarios posibles

A proposta está pensada para realizarse en modalidade presencial. No caso de ter que adaptarse a un escenario non presencial, desenvolverémola de xeito telemático, a través de videoconferencia. Para confeccionar a bandeira na casa, fotografarase cada anaco e unirase mediante un editor de vídeo, creando una película con todos os anacos.

Avaliación

Realizaremos unha autoavaliación figuro-analóxica para que o alumnado sinale como se sentiu ao facer a proposta (**Anexo avaliación REGULA**). Esta información permitiranos estar alerta sobre alumnado en risco ou en situación de vulnerabilidade emocional.


VIVIR NUEST
SUEÑOS
TRATARNOS
CON
CARIÑO Y BIEN
SER


JUGAR

MULLERES QUE BEN MERECEN QUE AS COÑEZAS

O RUEIRO DE CARBALLO

Actividade baseada no libro Pioneiras

NOMES DE HOMES ILUSTRES

ESCRITORES

CELSO EMILIO FERREIRO
CAMILO JOSÉ CELA
EDUARDO BLANCO
VICENTE RISCO
MANUEL MARÍA
EDUARDO PONDAL
CARBALLO CALERO
XESÚS SAN LUÍS ROMERO
LABARTA POSE

DOUTORES

DOUTOR FLEMING
GREGORIO MARAÑÓN
RAMÓN Y CAJAL
JOSÉ MARÍA CASTRO VIEJO
DOCTOR MIGUEL SERVET
MÉDICO MANUEL REGUEIRA
DOCTOR SEVERO OCHOA

ALCALDES

ALCALDE ALCALDE PEINADOR,
ALCALDE VAZQUEZ MOUZO
ALCALDE CANDIDO GONZALEZ TIRAD
ALCALDE RODRIGUEZ SESMEROS
ALCALDE BOLÓN

CIENTÍFICOS

MENDEL
DARWIN
RAMÓN Y CAJAL

ARTISTAS

ISAAC ALBÉNIZ
MANUEL DE FALLA
PINTOR LUÍS SEOANE
FOTÓGRAFO JOSÉ VIDAL
GRABADOR MANUEL FACAL
PASCUAL VEIGA
PINTOR URBANO LUGRÍS

NOMES DE MULLERES ILUSTRES

ESCRITORAS

ROSALÍA DE CASTRO

EMILIA PARDO BAZÁN

CONCEPCIÓN ARENAL

JUANA DE VEGA

CLARA CAMPOAMOR

LUÍSA VILLALTA

MARÍA MARIÑO

SYRA ALONSO

SOFÍA CASANOVA

DOUTORAS



ALCALDESAS



CIENTÍFICAS



ARTISTAS

MARÍA CASARES

MARUJA MALLO

CAROLINA OTERO

MAESTRAS

MARÍA BARBEITO

Se comparamos o número das rúas de Carballo con nomes de homes co número de rúas adicadas a mulleres:

- Cal é máis numeroso?
- Por que pensas que ocorre isto?

PROPOÑEMOS NOMES DE MULLERES GALEGAS QUE BEN MERECEN RECOÑECEMENTO

Valente

Intelixente

Forte

COÑECES ALGUNHA MÁIS?

Animosa

Valorosa

Intrépida

OUTRAS IDEAS

PROPOSTAS PARA INTERACTUAR

Realizar actividades grupais propostas no Plan de Benestar Emocional:

- **Reforzar a autoestima:** FABULAFORUM (bloque Respecta) – ADIVIÑA QUEN (Vive) - TEMPO COMPARTIDO (Vive).
- **Consolidar lazos de amizade no grupo:** PECHANDO OS OLLOS (Vive).
- **Incrementar a empatía:** O PODER DA MÚSICA (bloque Conecta) - RECEITA DA FELICIDADE (Vive).
- **Desenvolver a asertividade:** A CESTA MÁXICA (Regula) - CADA OVELLA COA SÚA PARELLA (Vive)
- **Desenvolver a resiliencia:** BANDEIRAS DO HIMALAIA (Regula), ADIVIÑA QUEN – OLIMPO (Vive).



ACCESO AO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

Outras propostas:

- **Comezar a xornada** cun sorriso, un lema, unha cita, cancións, mensaxes que promovan o optimismo.
- Realizar **paneis** polos corredores **con novas positivas**, agradecementos, parabéns..., onde toda a comunidade educativa poida expresarse.
- Crear actividades **mesturando grupos** para coñecer persoas doutras aulas: falar de gustos, actividades que comparten, libros, deportes..., para despois organizar clubs de afeccións no patio.
- Establecer un **día dedicado á convivencia e ao desenvolvemento de habilidades sociais**: mesturando grupos, realizando xogos cooperativos, momentos de relaxación, deportes, merendas compartidas..., todo o que cree sensación de benestar grupal.
- Elixir algúns **responsables do benestar en cada aula** e facer reunións periódicas para organizar, debater, dar ideas e apoiar coas súas ideas o mantemento do benestar na escola.
- Crear unha **caixa de suxestións** de boas prácticas de benestar na escola.
- Realizar calquera **actividade de cohesión de grupo** que se considere oportuna.

Volver á ficha

PANEL DAS BOAS NOVAS



Speed dating



PUNTO LARANXA

- Como podemos xestionalo ?

A explicación do folio arrugado



CAIXA DE FERRAMENTAS

AUTORREGULACIÓN NAS AULAS

- Exercicio físico
    - el baile del cuadrado
    - Danny go (brain breaks ou pausas activas)
- Técnicas de relaxación:
    - respiracións profundas
    - atención plena a respiración
    - atención plena aos sentidos
    - Escáner corporal
- Viaxes imaxinarias (visualizacións)
- Masaxes

CALMA

Alumnado Desregulación >> Acougar

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

XUNTA DE GALICIA

ESTABLECER A CALMA



1. **Non falar ata que o volcán de emocións diminúa**, pois nese momento todo o cerebro está "secuestrado" por unha emoción desbordada.

2. **Cambiar de ambiente:** dar un paseo polo corredor, separarse dos demais, saír ao exterior.

3. Comprobar se o volcán de emocións diminuíu. Se non o fixo, probar con algunha destas **técnicas**:

Respiración profunda	**Escaneamento corporal**	**Relaxación dos músculos**
Visualizacións guiadas (viaxe imaxinaria)	**Escoitar música relaxante**	**Colorear unha mandala** (ou calquer outro debuxo)
Beber auga	**Escribir o que está a pasar**	**Actividade Plan de Benestar** ("Un paseo relaxante" do bloque Regula)

Volver á ficha

TÉCNICA DO VOLCÁN

1. Explicar o símil do volcán
2. Axudar a recoñecer a súa ira ou situacións estresantes
3. Axudar a coñecer o límite do enfado
4. Aprender a deterse



MASAXES

Conto dos animais

Por parellas, un dálle as costas ao outro, e a medida que se conta o conto vanse facendo os movementos nas costas.

"Ao saír do pobo fun cara ao bosque (facemos xestos sobre as costas do de diante coma se camiñásemos) e alí había formigas (pasamos os dedos suavemente por detrás) que camiñaban lentamente. Algunhas das formigas levaban follas para comer e movíanse moi lentas, mentres que as que van de volta ían lixeiras e rápidas. Tamén había vermes (pasamos a man ou o dedo para simular o movemento de reptar) que camiñaban lentamente.

Despois atopei saltamontes (imitamos os saltos do saltamontes) que o pasaban moi ben sen molestar ás formigas (lembramos os movementos das formigas). E había coellos que corrían e saltaban... daban voltas polo bosque cheo de árbores.

Un cabalo galopaba e un elefante pisaba con forza pero sen facer dano a ninguén, sen pisar ningunha planta... Mentres o hipopótamo frotaba o nariz sobre as costas e a pomba pegábame un picotazo (imos imitando os movementos destes animais sobre as costas do compañeiro de diante)."

DIÁLOGOS RESTAURATIVOS

Alumnado Enfrontamento >> Restaurar

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

XUNTA DE GALICIA

DIÁLOGO RESTAURATIVO



1. **Compromiso.** Imos falar do que pasou.
2. **Reflexión.** Que pasou? Que buscabas? Que che pasaba pola cabeza?
3. **Impacto.** A quen lle afectou? De que xeito?
4. **Comprensión.** Que foi o peor para ti?
5. **Recoñecemento.** Agora que xa sabes como lle afectou, que che sae facer?
6. **Acordos.** Que precisas? Que podes facer pola outra persoa?
7. **Peche.** Como o farías diferente no futuro? Que aprendiches?

DIÁLOGOS RESTAURATIVOS

- Que pasou, desde o teu punto de vista?
- Que pensabas e como sentías nese momento de conflito?
- E desde entón?
- Quen se viu afectado e como?
- Que podes facer ti para arranxar esta situación?
- Que necesitas para que as cousas se poidan arranxar e cada un poida seguir adiante?
- Como podemos (entre todas) satisfacer estas necesidades (xuntas) e chegar a un acordo satisfactorio para todas?Achega ideas

BenestarEmocional CAIXA DE URXENCIAS EMOCIONAL

Contidos: Identificación emocional, empatía, regulación de emocións, escoita activa, expresión emocional, respecto, toma de decisións, afrontamento, asertividade, resolución de conflitos, relaxación.

Sesións: **Unha sesión.** A duración pode variar en función do grupo.

Técnicas: Chuvia de ideas.

Recursos: Para o alumnado que non teña adquirido o proceso de lectoescritura:

- Preparar o recuncho do corazón
- Termómetro, pelota antiestrés, tiras protectoras adhesivas, pastillas de caramelo, vendas, depresores, toalliñas recolle bágoas.

Para o alumnado que teña adquirido o proceso de lectoescritura: *Preparar o recuncho do corazón, talonario de "Remedios da avoa", toalliñas, tableta, incenso, caramelos*

Agrupamentos: Gran grupo, pequeno grupo, traballo por parellas, traballo individual.

Introdución: Todos precisamos un lugar onde sentirnos seguros, tranquilos, protexidos. Construiremos "o recuncho do corazón", un lugar onde deixar fluír as nosas emocións. Alí atoparemos a nosa caixa de urxencias emocional, ferramenta para chegar a acadar o benestar da aula.

Desenvolvemento: Faremos un pequeno recuncho na aula, "O recuncho do corazón". Adornarémolo e colocarémolo de forma que nos sintamos a gusto e cómodos e cómodas. Despois imos confeccionar unha caixa de urxencias emocional para cada alumno ou alumna. Podemos facer unha chuvia de ideas sobre as cousas que hai dentro dela e, a partir de aí, chegará o momento de transformalas en "medicina do corazón".

- O termómetro (de tres cores: verde, laranxa e vermello) medirá o nivel de ira que teña cando sinto enfado.

BenestarEmocional

CAIXA DE URXENCIAS EMOCIONAL

- A pelota antiestrés (globo con arroz) para baixar o nivel de ira cando o termómetro dea altos niveis.
- As tiras adhesivas protectoras poñerémolas cando alguén nos faga dano no corazón (insultar, pegar...).
- As pastillas de caramelo empregarémolas cando alguén estea triste.
- As vendas para tapar os ollos e poñerse no "recuncho do corazón" ata que a persoa se tranquilice.

Afondamento: Suxírese como actividade de continuidade ou produto final a seguinte proposta:

- O ideal é que esta actividade forme parte das rutinas da aula e se empregue durante todo o curso.

Adaptación por niveis de competencia

Nos cursos onde o nivel de madurez do alumnado sexa maior empregarán outros elementos na caixa de urxencias, por exemplo:

- "Remedios da avoa". Talonario de remedios caseiros curativos onde o alumnado restaurará o dano feito aos demais escribindo unha desculpa.
- Toalliñas recolle bágoas para cando alguén chore.
- "Música mestre" o alumnado gravará na tableta da caixa de urxencias unha canción que o faga sentir ben. Cando nalgún momento alguén sinta tristeza, poderá achegarse ao Recuncho do corazón e escoitar a súa canción ou as dos seus compañeiros ou compañeiras.
- "Incenso e caramelo" Cando teña un conflito con alguén podo pedir o profesorado que prenda incenso e buscar a persoa ou persoas coas que teña que falar. Como declaración de boas intencións dareilles

Escenarios posibles

A proposta está descrita para realizarse en modalidade presencial.

No caso de ter que ser en modalidade non presencial, o alumnado pode crear o seu recuncho no seu cuarto e construír a caixa de urxencias para usar na casa en familia.

Avaliación

Realizaremos unha autoavaliación figuro-analóxica para que o alumnado sinale como se sentiu ao facer a proposta (**Anexo avaliación REGULA**). Esta información permitiranos estar alerta sobre alumnado en risco ou en situación de vulnerabilidade emocional.

ACCIÓN → CONSECUENCIA

- Non actuamos como xuices
- Tempo fora
- Recreo en calma
- Técnica do reloxo de area



MANTER O CONTROL DA AULA

- Bote de recompensas
- Disciplina positiva
- Attention grabbers
- Reforzo positivo



POTENCIAR A AUTOESTIMA E O AUTOCONCEPTO CON …

- Non correxir condutas en público : etiquetas
- Evitar “siempre” e “ nunca”
- Empregaremos a linguaxe positiva
- Evitaremos: NON

- Remarcar éxitos e esforzos
- Evitar comparacións: somos únicos e valiosos e tamén **imperfectos** (nós incluídas)
- Confiar e dar responsabilidades
- Facilitar a autodeterminación e respectar decisións e errores.
- Respecto
- Practicaremos a escoita activa

ESCOITA ACTIVA DEFINICIÓN

"Termo xenérico que se refire a unha serie de comportamentos e actitudes que preparan ao receptor para escoitar, a concentrarse na persoa que fala e a proporcionar respostas (feedback)".

- Michael Rost



ESCOITA ACTIVA

- **Mirar directamente** a quen fala e establecer contacto visual.
- Deixar que quen fala o faga **sen interrupción**.
- Darlle ao orador/a un **reforzo positivo**, asentindo coa cabeza ou sorrindo.
- **Repetir o escoitado** coas propias palabras.
- Facer **preguntas abertas**.
- **Non dar consellos** nin ofrecer suxestións.
- Realizar **actividades grupais** do estilo de "orellas de elefante" ou "superpoder". Plan Benestar (bloque Conecta)

Volver á Enfrontamento >> Restaurar

Volver á ficha "Coidar as palabras"

Volver á ficha "Comunicación afectiva"

NON É DOADO ESCOITAR ACTIVAMENTE PORQUE ....

- Programados para falar de nós
- Queremos ser interesantes
- Apagar a nosa voz interior
- Gañar discusións



CARACTERÍSTICAS DA ESCOITA ACTIVA

- Observar e recoñecer o que lle pasa a outra persoa
- Conectar coas emocións doutra persoa
- Expresar verbal e non verbalmente que se comparte o que lle ocorre ao outro
- Ofrecer axuda e mostrar interese.
- Escoitar con todo o corpo

ESCOITA EMPÁTICA ANTE UN CONFLITO

1. Parafrasea
    - Se entendín ben …..
    - Entón me estás dicindo que …..
2. Pregunta: Pensamento ⟷ Sentimento
    - Cóntame qué te pasou…
    - Desmontar os pensamentos automáticos
3. Expresa empatía
    - Entendo que te sintes …..
4. Mostra interese
5. Non xulgues
6. Evita dar consellos
7. Emprega as mensaxes “ EU”

Actitudes que axudan a escoitar

- Mirar aos ollos a quen fala.
- Prestar atención e mostrar respecto, sen xulgar nin facer valoracións.
- Facer referencia aos detalles que lembres.
- Parafrasear
- Facer compañía a quen fala, expresando que me interesa o que di por medio do corpo e os xestos.
- Preguntas abertas
- Aconsellar no momento axeitado:
  "Gustaríache escoitar as miñas opinións respecto diso?"

Actitudes que impiden escoitar

- Aconsellar antes de tempo.
- Pensar na túa resposta mentres o outro segue falando
- Supór o que vai dicir antes de que o diga
- Córtarlle para dar o teu punto de vista ou para terminar as súas frases
- Lembrar os fallos
- Desconectar ou che distraes pensando noutros temas
- Interrompir con cousas túas.
- Reaccionar con impulsividade ante certas palabras
- Evitar a mirada
- Facer ruídos

Hay que ser muy paciente, respondió el zorro. Te sentarás al principio más bien lejos de mí, así, en la hierba. Yo te miraré de reojo y no dirás nada. El lenguaje es fuente de malentendidos, pero cada día podrás sentarte un poco más cerca…

El principito







NAS AULAS

- A SILLA DA BOCA E DA ORELLA



- Actividades de xogo tipo “Simón dice..”
- Escoitar sons e averiguar: animais, instrumentos, obxectos,..
- Experiencias: falar de algo interesante para eles e que mentras os demáis escriban ou fagan algun ruido e logo avaliar como te sentes.
- Escoitar a narración de alguén cos ollos pechados e despois reflexionar.

- Argumentar unha idea con outro, por exemplo: defender o campo ou a cidade. (falar de que pasaba cos teus pensamentos mentres o outro falaba)
- Teléfono estropeado.
- Role plays
- Modelaxe

CÓNTAME A TÚA HISTORIA

- **Agrupamento**: parella e gran grupo.
- **Finalidade:** adestrar a atención, poñendo o foco no que se di e na emoción que acompaña ao explicar historias alleas. Tamén nos permite adestrar a nosa empatía ao tratar de explicar de forma respectuosa o que os demais nos han confesado.
- **Técnica**: debate
- **Desenvolvemento**: Cada un dos membros contará ao outro unha historia de maneira resumida, facendo moito fincapé en detalles e eventos importantes e significativos para quen os conta. Despois, cada membro da parella presentará ao seu compañeiro e tratará de contar a mesma historia que el/ela lle contou, tratando de lembrar os detalles e aspectos destacados.
- Unha vez finalizado este primeiro paso, contando todos as súas historias, farase un debate e haberá unha rolda de preguntas:
  - Sentiches que o teu compañeiro escoitouche e entendeuche?
  - Como te sentiches cando contaches a túa historia e os teus sentimentos?
  - Como te sentiches cando che tocou contar a historia do teu compañeiro e reflectir as súas emocións?
  - Que foi máis difícil: repetir ou reflectir? Por que?
  - Que é o máis importante para ti da mensaxe?
  - Que aprendes desta experiencia?

FEEDBACK POSITIVO

Refírese á información que damos a alguén sobre a súa conduta ou o seu rendemento co obxectivo de que se reafirmen os aspectos positivos e cambien ou melloren aqueles que non o son.



COMO FACELO

1. Dar información positiva: “estiveches moi ben, estupendo, gustoume que…”

2. Suxerir alternativas de como mellorar

3- Evitar: pero,…

ESTRATEXIAS

- **Público vs. Privado**: aínda que o recoñecemento público é excelente para construír autoestima, algunhas persoas prefiren a discreción. Coñece ao teu alumnado.

- **Oportunidade**: o feedback é máis poderoso canto máis preto ocorre do evento. Non esperes á entrega de notas para valorar un bo desempeño.

- **Autenticidade:** O alumnado ten un radar impecable para detectar falsidade. Se non é xenuíno, non o digas.

- **Enfoque no progreso:** Valora canto mellorou un alumno/a respecto a o seu punto de partida, non só comparándoo cos demais.

EXEMPLOS

Moi ben!	Encántame como organizaches as túas ideas neste parágrafo; é moito máis claro que o anterior.
Está mal, volve a facelo	Case o tes! O primeiro paso fixéchelo moi ben. Imos fixarnos xuntos nesta parte (sinala o erro). Que pasaría se tentas sumar en lugar de restar aquí? Téntao de novo!
Sempre te esqueces de recoller os teus materiais	Hoxe traballamos moi ben, pero notei que os teus materiais quedáronse fóra da caixa. Para que mañá non perdamos tempo buscando cousas, lembra que o último paso antes de irnos é deixar a túa mesa despexada. Axúdasme a deixala lista agora?

CULTURA DO BO TRATO

relacións coas familias

- Establecer dinámicas de centro comunicativas para todas ás reunión difíciles ou non:
  - Como te sintes?
  - Eu me sinto
  - Comezar por comportamentos e feitos positivos - loubanzas (sempre hai que pescudar as palabras axeitadas)
    - Estou preocupada por ….
    - Estamos traballando para….
  - Empregar sempre o nome do neno/a
  - Explicar que nos importa o benestar do neno /a
  - Non xulgar
  - Empregar diferentes técnicas comunicativas.

Que facemos ante a queixa ou desacordo?

- Escoita activa
- Empatía
- Buscar palabras que non poñan en dúbida o que contan
- Non deixar que a conversa desemboque nun conflito
- Remarcar o noso interese polo neno/a

- Mostrar empatía → cercanía
- Non mostrar sospeitas ante o que nos contan
- Crear un clima de confianza
- Escoitar con todo o corpo
- Empregar o sorriso
- Linguaxe corporal
- Sentadas ao carón



OFRECER INFORMACIÓN

- Técnica de Marina Criado.
- Fíxate como cambia a comunicación se engadimos un adverbio ao final.
- “Este neno non sabe leer “ engádelle un adverbio

TODAVÍA - ASÍ - SOLO - HOXE - CON ESTE MATERIAL

- “ Eu non lle vexo a saída a esta situación”

TÉCNICA SANDWICH

1. **A capa superior** (Valoración do alumno)

Empeza destacando unha fortaleza, un trazo da súa personalidade ou un progreso recente. Isto humaniza a mensaxe e demostra que coñeces e aprecias ao seu fillo.

2. **O recheo** (O desafío, necesidade). → conduta

Aquí expós a situación para mellorar. Se obxectivo e baséate en feitos, non en xuízos. Evita etiquetas como "é desobediente" ou "é preguiceiro". Fala de condutas.

3. **A capa inferior** (Proposta de traballo conxunto)

Aquí está a clave: pasas da información á estratexia compartida. Pregúntalles como o ven en casa ou que podemos facer xuntos.

- Queremos informar dunha conduta de pouco rendemento e traballo
- VALIDACIÓN
- CONDUTA A MELLORAR
  - Observo que ….
  - Estou preocupada por ….
- PROPOSTA DE TRABALLO EN COMÚN

RECEITA ASERTIVA



Profesorado

Crispación >> Vincularse

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

XUNTA DE GALICIA

Co fin de establecer un clima de confianza e respecto, é fundamental **coidar as palabras** e **como nos tratamos**.

EVITAR A ESCALADA NUNHA CONFRONTACIÓN POÑENDO O FOCO SOBRE OS MEUS SENTIMENTOS E O QUE PODO FACER

1. Describir obxectivamente a situación: *"Cando..."*.
2. Describir como me sinto: *"Eu sentinme... / Eu síntome... porque..."*.
3. Demostrar empatía: *"Imaxino que isto te... porque..."*.
4. Realizar unha proposta: *"Gustaríame que..."*.
5. Explicar os beneficios e as posibles consecuencias da nosa proposta: *"Así sentireime... e evitaremos..."*
6. Feedback positivo: dar información co fin de reforzar os aspectos positivos e sinalar puntos susceptibles de mellora. Evitando os *"pero"*.
   - → Información positiva dun logro: *"Observo que..."*.
   - → Suxestións de mellora: *"Que che parece se..."*.



Volver á ficha

PRACTICAR A ESCOITA ACTIVA

TÉCNICAS ASERTIVAS

Disco raiado: repetir de xeito calmado o teu punto de vista, sen entrar en provocacións. *"Non me interesa, grazas [...], seino pero non me interesa..."*.

Banco de néboa: darlle a razón ao outro en parte coa intención de evitar a escalada da confrontación. *"... é posible, xa mirarei como fago..."*.

Adiamento asertivo: explicar calmadamente que non se vai dar unha resposta nese momento. *"... Agora non podo decidilo..."*.

Ignorar parcialmente: ignorar os comentarios agresivos, prestando atención só aos máis asertivos. *"Tal e como dixeches é importante que..."*.

Procurar solucións: pasar da queixa ás solucións, tratar cada unha de xeito individual sen mesturar os temas. *"Estámonos desviando... sobre a primeira cuestión, que che parece se facemos...?"*.

Propor alternativas: dicir claramente que non, e ofrecer unha posible alternativa para a súa valoración. *"Iso non é posible, no canto diso poderiamos..."*.

EVITAR PALABRAS TÓXICAS, ETIQUETAS, ANTICIPACIÓNS NEGATIVAS

COMENTAMOS UN CASO

Un alumno entra á clase xogando con outro e pelexa dandose empurróns con outra compañeira para que non lle colla o sitio. Eu, vexo toda a secuencia, e o chamo para que sente diante e di que NON. Eu repito que veña para diante e volve a dicir NON.O seu amigo, que ten dificultades para regularse, dille que non vaia, e mostra unha actitude desafiante cara a min. A clase en silencio. Digolle que saia fora que imos chamar a súa familia ……..

Que ven logo…….?

Búsqueda de solucións….

Estimada familia,

Agradezco vuestra respuesta y disposición, la colaboración entre la familia y la escuela es fundamental para ayudar a XXX a reconducir su actitud. Estaré encantada de reunirme con vosotros para apoyarnos y establecer un plan de acción conjunto. Así pues estaré disponible hoy XXX a las XXXX. Espero vuestra confirmación.

Saludos,

EL HILO QUE NOS UNE

1. El tú del pasado: Cierra los ojos y recuerda cuando tenías 7 años y entramos juntos en clase. ¿Qué es lo que más te gustaba de este grupo en aquel entonces?

2. El peso de una decisión: Bea os ha confesado que hoy se siente defraudada y triste. Ella eligió estar aquí por vosotros.

- ¿Qué sientes al saber que una decisión basada en el cariño se responde con un silencio que hace daño?

3. Pequeños gestos, grandes adultos: A veces pensamos: "Es solo un libro", "Es solo una broma". Pero la vida de un adulto se construye con lo que hacemos hoy.

- ¿Qué tipo de adulto quieres ser tú: alguien en quien se puede confiar o alguien que se esconde y no ayuda? Piensa en la cantidad de veces que ves injusticias en la televisión, ahora es nuestro momento. No se trata de acusar a nadie, se trata de conducir a esa persona por el camino de la honestidad y de la responsabilidad y ayudarle en este camino. No se trata de acusar (no es el estilo del CEIP Torre de Hércules)

4. Recuperar el camino

- ¿Qué crees que tendríamos que hacer, como grupo y de forma individual, para que la profe vuelva a sentir esa confianza total en nosotros? ¿Cómo sería esa clase ideal para ti?

5. Empatía: Ponte en el lugar del otro

Imagina que hoy, al volver del recreo, falta algo hoy a ti.

- ¿Cómo te sentirías? Escribe tres adjetivos:
- 1. _____ 2. _____ 3. _____

- ¿Qué es lo que más te molestaría de la situación?

6. Análisis del ambiente

- ¿Crees que nuestra clase es un lugar seguro actualmente? [ ] Sí [ ] No [ ] A veces

- ¿Qué crees que ha pasado con el libro? (Marca la que creas más probable):
  - [ ] Ha sido una broma que se ha ido de las manos.
  - [ ] Alguien lo ha cogido sin pensar.
  - [ ] Está escondido o perdido por error en algún lugar de la clase.
  - [ ] Otro:

7. Soluciones constructivas

Si tú fueras el tutor/a de esta clase y quisieras recuperar el libro sin castigar a nadie y sin que nadie pase vergüenza, ¿qué harías?

PROPUESTA DE BEA

Voy a colocar una bolsa de tela en un perchero del comedor para que el libro pueda volver de manera totalmente anónima. Estará allí hasta el lunes. Sé que entre vosotros hay personas que quieren ayudar a arreglar esto, así que os doy mi palabra: **no habrá preguntas**. Esta es la oportunidad para restaurar la confianza y sanar el daño.

Si quien lo tiene es tu amigo o amiga, ayúdale a ser responsable; de los errores es de lo que más aprendemos. No es necesario que esto sea público; si el libro aparece, el tema se cierra aquí y ahora. El lunes hay una reunión con vuestras familias, nada nos haría más felices que decirles que entre todos y todas fuimos capaces de solucionar este problema. Volvamos a ser las personas que éramos y las que en el futuro queremos ser: honestas, valientes y dignas de confianza.

O AMBIENTE ENTRE NÓS TAMÉN CONTA

- Serenidade
- Sorriso
- Dar importancia aos asuntos dos demais
- Non prexulgar en negativo
- Ser cortés para postergar a nosa atención
- Non mostrar aburrimento ou distracción
- Empregamos o humor
- Falamos desde o eu
- Facer “grupo”: logo, formación, momentos de compartir,...





- Talante positivo, vitalista e ilusionante
- Empregar o pensamento positivo
- Sin emoción non hai aprendizaxe
- Xeneradores de boas vibracións
- Establecer un entorno onde o emocional / humano cobre importancia













Camilla Engstrom



René Magritte



Leonora Carrington



Edward Hopper



Katsushika Hokusai

"El profesor ideal de este nuevo siglo tendrá que ser capaz de enseñar la aritmética del corazón y la gramática de las relaciones sociales"

– Pablo Fernández Berrocal

Grazas por compartir o voso tempo e experiencias

bcsuarez@edu.xunta.gal